

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEVES, AS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*PREZOS PÚBLICOS POSTOS CON MOTIVO DA FESTA DO REQUEIXO E MEL A
CELEBRAR EN SEMANA SANTA.*

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 15 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder ao establecemento do prezo público pola participación a través de uso de postos na Feira do Requeixo e Mel, ao abeiro do art. 47 do TRLRF nos seguintes termos:

“PREZOS PÚBLICOS POR PARTICIPACIÓN CON POSTOS NA FEIRA DO REQUEIXO E MEL DO CONCELLO DAS NEVES

Artigo 1º.—Natureza e fundamento xurídico

En uso da atribución conferidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normas concordantes sobre Facendas Locais, e de acordo co previsto na Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos deste Concello, aprobada por acordo Plenario de 12 de marzo de 2016 e delegación de competencia na Xunta Goberno Local para o establecemento e xestión dos prezos públicos deste Concello, procédese a fixar os prezos públicos pola participación a través de postos na FEIRA DO REQUEIXO E MEL, evento creado para a difusión dos produtos gastronómicos deste Concello.

Artigo 2º.—Obxecto da Exacción

O obxecto desta exacción é o pagamento dos prezos públicos polos participantes a través do emprego de postos para actividades económicas na FEIRA DO REQUEIXO E MEL, e beneficiarios polo tanto deste servizo ou actividade a desenvolver nas instalacións do recinto de instalación da carpa ou lugar habilitado polo Concello a tal efecto.



Artigo 3º.—Feito impoñible e obriga de contribuír

O feito impoñible cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria ven determinado pola solicitude de participación na FEIRA DO REQUEIXO E MEL a través do emprego de postos instalados para actividades económicas, no recinto de instalación da carpa ou lugar habilitado ao efecto. No momento de presentación da solicitude de participación nace a obriga de contribuír, xa que se entende que é entón cando se produce o beneficio que reportan os servizos que se ofrecen e polo que se debe satisfacer o prezo correspondente.

Artigo 4º.—Suxeitos Pasivos

Están obrigados ó pago do prezo público que se establece neste acordo, os participantes aos que lles resulten adxudicados os postos cuxas medidas e prezos se determinan no artigo 5.

Artigo 5º.—Determinación da cota a cobrar

A cota que corresponde aboar pola participación a través do uso dos postos será a seguinte, IVE incluído:

POSTO INTERIOR CARPA ata 4 m2 .	40,00€
POSTO INTERIOR CARPA ata 8 m2	80,00€
POSTO INTERIOR CARPA ata 12 m2	120,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 4 m2	30,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 8 m2	60,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 12 m2	90,00€
POSTO EXTERIOR ata 4 m2	20,00€
POSTO EXTERIOR ata 8 m2	40,00€
POSTO EXTERIOR ata 12 m2	60,00€
M2 adicional en interior de carpa	2,00 €
M2 adicional en instalacións cubertas	1,50 €
M2 adicional en posto exterior	1,00 €

Artigo 6º.—Forma e momento de pagamento

O pagamento dos prezos públicos farase efectivo coa solicitude de participación mediante sistema de ingreso na entidade bancaria no número de conta municipal que a Tesourería Municipal facilitará ao efecto.

Artigo 7º.—Devolución dos prezos públicos

Cando por causas non imputables ao obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente.



Artigo 8º.—Exencións e beneficios fiscais

As exencións e beneficios fiscais serán exclusivamente os previstos nas Leis e tratados internacionais.

Artigo 9º

Para o non previsto nesta regulación estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de prezos públicos aprobada polo Pleno Municipal con data 12 de marzo de 2016.

Disposición final

Estes prezos públicos entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

As Neves, a 16 de marzo de 2017.—O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Rodríguez Méndez.

Documento asinado electronicamente.

